



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Ciencias da Educación

Curso Académico: 2017-2018

Índice

1. Introducción	3
2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade	7
3. Plan de Melloras do Centro	143
4. Anexo: Informes de seguimento	29

1. Introducción

A Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación, de acordo cos procesos e procedementos establecidos no Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) do Centro, comprende os seguintes apartados:

- Informe de seguimento dos Títulos
- Informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora.
- Proposta do plan de melloras do centro para o curso seguinte que recollerá as propostas de mellora dos Títulos derivadas dos seus informes de seguimento.

No curso a que corresponde a presente memoria, os Títulos adscritos á Facultade de Ciencias da Educación, que constitúen o ámbito de aplicación do SGIC, son os seguintes:

- Grao en Pedagogía
- Grao en Educación Social
- Grao en Mestre/a en Educación Infantil (compartido coa Facultade de Formación de Profesorado de Lugo).
- Grao en Mestre/a en Educación Primaria (compartido coa Facultade de Formación de Profesorado de Lugo)
- Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas (compartido coa Facultade de Formación de Profesorado de Lugo)
- Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario
- Máster Universitario en Procesos de Formación
- Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación

Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e do Manual do SGIC e procesos asociados, a que se inclúe a continuación:

- Memoria para a verificación do título de Grao en Pedagogía pola USC.
- Memoria para a verificación do título de Grao en Educación Social pola USC.
- Memoria para a verificación do título de Grao en Mestre/a de Educación Infantil pola USC.
- Memoria para a verificación do título de Grao en Mestre/a de Educación Primaria pola USC.
- Memoria para a verificación do título de Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas pola USC.

- Memoria para a verificación do título de Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario pola USC.
- Memoria para a verificación do título de Máster Universitario en Procesos de Formación pola USC.
- Memoria para a verificación do título de Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación pola USC.
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias da Educación.
- Regulamento de Réxime Interno das distintas Comisións Académicas dos Másteres impartidos na Facultade de Ciencias da Educación da USC.
- Normativa propia do centro, como do Traballos Fin de Grao, Traballos Fin de Máster, Practicum e/ou Prácticas externas, etc
- Actas e acordos dos órganos de Goberno da Facultade, como a Xunta de Facultade e as Comisións delegadas.

A Facultade de Ciencias da Educación desenvolve a súa política de calidade a través do plan anual de melloras, que se elaboran e aproban de acordo co establecido no proceso PE-01, Política e Obxectivos de Calidade do centro. Dito plan de melloras é froito da revisión do sistema en cada ciclo, e o seguinte paso sería ter unha planificación estratéxica que dirixa de forma previa as súas actuacións.

A Facultade adquire o firme compromiso de garantir a calidade nesta e establece a súa política baixo estes principios:

- Responsabilidade: proporcionar unha formación dirixida cara á excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas do noso alumnado e profesorado e da sociedade en xeral.
- Integración, participación e igualdade: esta Facultade establece como un dos principios claves da súa política que todas as necesidades dos grupos e colectivos que a integran sexan atendidas e que todos participen no desenvolvemento da Facultade a través das vías establecidas, garantindo para isto a accesibilidade, a participación e a igualdade.
- Orientación ao alumnado: esta Facultade garante no seu programa formativo a orientación ao alumnado entendendo que é o principal receptor deste.
- Excelencia: o traballo desta Facultade realízase tendo como meta alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as principais escolas e facultades recoñecidas.
- Transparencia: Esta Facultade basea a xestión do seu programa formativo na transparencia dos seus resultados e na difusión destes aos seus grupos de interese.

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGIC son o Equipo decanal, a Comisión de calidade, o/a responsable de calidade do centro, as comisións de título e os/as coordinadores/as de título. As funcións de cada un deles en relación co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no Capítulo 3 do Manual do Sistema de Garantía de Calidade e tamén no Capítulo 3 do Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación da USC.

A Comisión de Calidade do Centro (CCC) é o órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGIC do Centro, actuando ademais como medio de difusión interna do Sistema e dos seus logros. A CCC reunirse coa periodicidade marcada na súa planificación, levantará acta de cada unha das sesións e fará públicas as análises e as decisións tomadas no seo desta.

Son membros da Comisión de Calidade do Centro:

- Decano/a
- Vicedecana responsable de Calidade do Centro (RCC)
- Coordinadora de Calidade do Centro
- Coordinador/a de Titulación/s
- 1 membro do PAS(Responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos)
- 1 alumno/a
- 1 representante por cada un dos departamentos da Facultade
- Outros membros que o Decano/a considere oportuno propoñer á Xunta de Facultade para o bo funcionamento do SGIC

Entre as funcións da CCC está elaborar a Memoria de Calidade do Centro que englobará distintos informes e memorias:

- Proposta do plan de melloras do centro para o curso seguinte que recollerá as propostas de mellora dos Títulos derivadas dos seus informes de seguimento.
- Informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora.
- Informes de seguimento dos Títulos e, no seu caso, informes de renovacións das acreditacións dos títulos e planos de mellora derivados dos mesmos.

De acordo co procedemento establecido, as Comisións dos Títulos elaboran os Informes de Seguimento e/ou renovación da acreditación, que son revisados pola Comisión de Calidade do Centro. Esta, á súa vez, elabora o Informe de seguimento do SGIC e o Plan anual de melloras do Centro, ao que incorpora as accións de

mellora derivadas dos diferentes informes de seguimento (ou informes de renovación de acreditación no seu caso).

A aprobación da Memoria de Calidade do Centro (composta polos documentos enumerados), de acordo co Manual Simplificado do SGIC marco da USC e co Manual Simplificado da Facultade de Ciencias da Educación, será aprobada en Xunta de Facultade con data vinte e dous de maio de 2018 e incorporárase á web da Facultade de Ciencias da Educación para dar cumprimento ao principio de transparencia e información pública.

Durante o curso 2017-2018, a Comisión de Calidade celebrou as seguintes xuntanzas:

- 19 de marzo de 2018, de presentar e aprobar, se procede, os informes de seguimento dos grados e másteres da Facultade do curso 2016-2017.
- 21 de maio de 2018, co obxecto de aprobar, se procede, a memoria de calidade e as propostas de mellora do centro.

O SGIC da Facultade ten outro órgano para o seu desenvolvemento, dado o número de títulos que se imparten na mesma: as comisións de título nas que, cada título, ten unha comisión encargada de velar pola planificación e o desenvolvemento das ensinanzas (acollida do alumnado, horarios, guías docentes, PDA, xestión de prácticas, xestión de mobilidade, xestión de TFG, etc).

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

O Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) é unha ferramenta para propiciar a mellora continua nas titulacións adscritas á Facultade de Ciencias da Educación de cara á consecución de niveis de calidade que faciliten a renovación periódica da súa acreditación de acordo ao establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010.

O SGIC da Facultade de Ciencias da Educación resulta da adaptación ao Centro do SGIC Marco da Universidade de Santiago de Compostela (USC) deseñado, á súa vez, seguindo o modelo da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade (ANECA) e mais da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Este sistema de garantía da calidade sométese a un seguimento anual que, xunto co seguimento dos títulos e os plans de mellora derivados, contribúe ao mantemento e actualización das accións encamiñadas ao desenvolvemento da política de calidade do centro.

A documentación do SGIC da Facultade de Ciencias da Educación e as evidencias da súa implantación están dispoñibles para consulta pública na web institucional da Facultade, na sección de Calidade (http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html)

Recentemente a USC actualizou a documentación do SGC. Estas modificacións, aprobadas na Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno o 23/02/2018, poden consultarse [na páxina web da Área de Calidade da USC](#). A consecuencia dos cambios, é necesario volver a facer unha actualización do Manual simplificado do Centro antes de Febreiro de 2019.

A política de calidade da Facultade de Ciencias da Educación mantense vixente e actualizada, no seu obxectivo de garantir uns programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia, no contexto universitario, da contorna educativa, social, laboral e investigadora. Búscase unha xestión de calidade como elemento chave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos grupos de interese e mantense tamén o compromiso de garantir as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente e investigador e de administración e servizos, así como o compromiso de rendición de contas do investimento e a optimización dos seus recursos. Para a satisfacción das necesidades e expectativas lexítimas dos seus grupos de interese, a Facultade de Ciencias da Educación emprega todos os recursos técnicos, económicos e humanos á súa disposición, sempre dentro do estricto cumprimento dos requisitos legais aplicables, tanto a nivel autonómico como estatal e europeo.

A dita política de calidade da Facultade de Ciencias da Educación e o seu SGIC abranguen a totalidade dos títulos académicos oficiais que nela se imparten e debe atender a todas as persoas (estudantes, persoal

docente e investigador e persoal de administración e servizos) que nela desenvolven a súa actividade. Sendo os títulos adscritos á Facultade no momento que corresponde a esta Memoria de Calidade os seguintes:

- Grao en Pedagogía
- Grao en Educación Social
- Grao en Mestre/a en Educación Infantil (compartido coa Facultade de Formación de Profesorado de Lugo)
- Grao en Mestre/a en Educación Primaria (compartido coa Facultade de Formación de Profesorado de Lugo)
- Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas (compartido coa Facultade de Formación de Profesorado de Lugo)
- Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario
- Máster Universitario en Procesos de Formación
- Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación.

Os plans de mellora anuais dos títulos da Facultade de Ciencias da Educación son o produto do seguimento sistemático de cada un dos programas formativos desenvolvidos no Centro. Mediante o seguimento compróbase se os plans de estudo se están a levar a cabo de acordo co respectivo proxecto inicial e, no seu caso, as posteriores actualizacións; que se están a obter os resultados previstos, e que se está a responder ás expectativas e necesidades dos grupos de interese.

Para corrixir as posibles debilidades dos procesos, propóñense accións de mellora. Estas son elaboradas anualmente polas comisións académicas dos títulos oficiais adscritos ao centro, logo de analizar a información pública dispoñible e os resultados dos indicadores de calidade relativos aos títulos, que se plasman nos (auto)informes de seguimento anuais.

A CCC analiza as accións propostas polas Comisións Académicas, propón outras accións, analiza o estado de execución do plan de mellora anterior e, como resultado, configura o Plan de mellora anual do Centro.

Da análise do desenvolvemento das accións de mellora propostas na Memoria de Calidade (16-17), podemos sinalar o seguinte:

AM-C1 Calendario de ponencias, conferencias, obradoiros, etc. impartidos por profesionais externos como actividades formativas do título que enriquezan os contidos e vinculen os coñecementos de saídas académico-profesionais

Esta acción foi realizada con éxito, con apoio do Centro, achegando ao mesmo a profesionais de grande interese para o alumnado tanto de grao como de máster que, sen dúbida, axudan a visibilizar e poñer en

valor profesional as ensinanzas que se imparten na Facultade de Ciencias da Educación. Continúase na memoria de calidade (17-18) como AM-C10.

AM-C2 Mellorar o material informático do centro e adquirir materiais de apoio á docencia

Acción cumprida parcialmente, atendendo ao presuposto do centro. Cómpre destacar a dotación de novos recursos materiais no curso académico 2017-2018. No Campus Vida, adquiríronse: 2 ordenadores para préstamo para o alumnado (situados en Conserxería); un equipo de videoconferencia, equipo de son e iluminación (Salón de Actos), un equipo de videoconferencia (Seminario 3 do Módulo B), unha pantalla de proxección eléctrica e un proxector (Seminario Lisardo Doval do Módulo A) e un ordenador na Sala de Profesorado (Módulo A). No Campus Norte, Altavoces en 5 aulas, 2 ordenadores para préstamo para o alumnado (situados na Conserxería), colocación de enchufes, nas aulas 1 e 10, para conexión de portátiles do alumnado e a aula 31 dotouse dunha Pantalla Dixital Interactiva dun ordenador para a docencia. Continúase na memoria de calidade (17-18) como AM-C2.

AM-C3- Realización de experiencias piloto de coordinación deseñadas desde cada titulación e que poderían, de resultar exitosas, ser consideradas exemplos de boas prácticas na Facultade

Esta acción iniciouse e está en proceso de análise e reflexión de cara a concretar as accións . Continúase na memoria de calidade (17-18) como AM-C8.

AM-C4 Revisión do SGIC para adecualo ás características e necesidades da Facultade

Nos cursos precedentes realizouse a Revisión do SGIC para adecualo ás características e necesidades da Facultade. Durante o curso 17-18 revisouse e adaptouse o Manual SGC do Centro Continúase na memoria de calidade (17-18) como AM-C1.

AM-C5 Continuar coa difusión para fomentar a cultura da calidade e participación dos grupos de interese do centro nas enquisas de satisfacción

Acción cumprida. Aumentaron as canles a través das cales se fomenta a participación dos diferentes grupos de interese do centro nas enquisas de satisfacción. A participación é promovida dende a coordinación de cada titulación a través, entre outros, das aulas virtuais de coordinación. Continúase na memoria de calidade (17-18) como AM-C6.

AM-C6 Formar ao alumnado delegado para que coñeza o SGIC e motivar a súa participación nas comisións de título.

Leváronse a cabo distintas xuntanzas cos delegados/as de curso tanto coas coordinadoras de título como coas coordinadoras de curso dos grados e coas coordinadoras de titulación no caso dos másteres. Tense destacado o seu importante papel á hora de identificar elementos que ocasionan distorsións, e que se

contemplan no SGIC, tanto a nivel de docencia como de infraestructuras e recursos dos dous centros que integran a facultade. Será necesario seguir contando con esta acción de mellora do centro na memoria de calidade (17-18) como AM-C9.

AM-C7 Proposta de acción con G.I. Constitución e xuntanzas dun Comité Consultivo de Interese formado por diversas entidades que traballan profesionalmente en relación cos/cas profesionais das titulacións que se imparten na Facultade (colexios profesionais, asociacións, movementos de renovación pedagóxica, etc.)

Esta acción de mellora está en proceso e pouco desenvolta debido ás dificultades propias do elevado número de titulacións do Centro. Dáselle continuidade (17-18) dirixindo os esforzos a unha planificación coas coordinacións dos diferentes títulos (AM-C12).

AM-C8 Aplicación dunha parrilla deseñada ad hoc, para cada título, de análise, de valoración e logro das competencias xerais, específicas e transversais das distintas titulacións entre o profesorado das mesmas.

Esta acción de mellora non se puido completar. Proponse a súa continuidade, na memoria de calidade (17-18) como AM-C13.

AM-C9 Acompañamento informativo e motivador ao alumnado de últimos cursos para estimular a realización e defensa dos TFG

Acción realizada e finalizada con éxito. Realizáronse, no curso 15-16 e 16-17, na titulación de Grado en Educación Social, reunións iniciais de presentación ao alumnado da Guía de TFG e reunións no segundo cuatrimestre do curso para explicar distintos procedementos en relación ao mesmo (presentación do informe de TFG, defensa pública do traballo, etc.) que foron ben acollidos polo alumnado e avaliadas satisfactoriamente, polo que esta é considerada pola CCC como unha acción de mellora que debe incorporarse ás accións de mellora do centro como boa práctica a acoller, se así o estiman oportuno, polas demais titulacións da Facultade. Continúase na memoria de calidade (17-18) como AM-C11.

AM-C10 Realizar ao alumnado enquisas de satisfacción propias por título para coñecer, en profundidade, distintos indicadores relacionados coa docencia, o practicum ou as prácticas obrigatorias, os TFG/TFM, o profesorado, o persoal de administración e servizos, os recursos, etc.

Esta acción de mellora non se puido completar non ter acadado a financiación requerida nas axudas de mellora 2017.

Entre as necesidades detectadas, logo da análise do funcionamento e os resultados dos distintos procesos do SGIC, quixeramos destacar especialmente as relativas aos recursos humanos e materiais cos que conta a Facultade:

- Recursos Humanos: Cómpre deixar constancia da incidencia negativa das restricións orzamentarias nos procesos de contratación de profesorado, tanto no que se refire á súa adecuación cuantitativa como ás condicións de precarización laboral ás que se ve sometido, cunha imparable diminución da porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total.

A escaseza de profesorado ten unha notable incidencia na ratio profesor/alumno e no tamaño dos grupos de docencia. Os históricos desequilibrios entre as áreas de coñecemento implicadas na docencia dos títulos que se imparten nesta Facultade (ciencias sociais e xurídicas) e outras grandes áreas (ciencias, ciencias da saúde, enxeñería), lonxe de acurtarse, incrementanse progresivamente. Por esta razón, a maior parte das áreas de coñecemento implicadas na docencia dos títulos son moi deficitarias, o que fai que a docencia se vexa gravemente afectada cando se produce calquera continxencia, mesmo prevista, ao longo do curso. É necesario adaptar o cadro de persoal ás necesidades reais e aumentar a presenza de PDI funcionario ou contratado a tempo completo.

Polo que se refire ao persoal de apoio (conserxería, administración e biblioteca), é suficiente en xeral excepto se pensamos en que a Facultade ten que atender a oito titulacións, algunhas con moitos elementos de excepcionalidade como é o caso do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas distribuídas en dous campus (Norte e Vida) ademais da xestión do desenvolvemento de dous programas de doutoramento e varios títulos propios. No que respecta á cualificación que posúen é apropiada para desenvolver as súas funcións en relación cos títulos, agás no que respecta ás necesidades derivadas da incorporación das tecnoloxías á docencia.

- Recursos Materiais: Os recursos materiais e servizos dispoñibles para impartir as titulacións poden considerarse suficientes, pero en ningún caso satisfactorios, tanto polo que se refire aos recursos (aulas de uso xeral, aulas específicas, aulas-seminario, laboratorios e espazos con dotación específica, espazos para traballo en grupo dos/das estudantes, bibliotecas, recursos en rede para a docencia e outros servizos) como aos mecanismos para garantir a revisión e o mantemento (infraestruturas materiais e servizos necesarios).

A Facultade segue a padecer evidentes limitacións de espazo para un adecuado desenvolvemento da docencia o que a miúdo dificulta a organización de actividades de mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe, innovación docente, etc.

Por último e seguindo as directrices dos Sistemas de Garantía de Calidade destacaríanse necesidades nas seguintes:

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

- Revisión do SGIC para adecualo ás características e necesidades da Facultade
- Formar ao alumnado delegado para que coñeza o SGIC e motivar a súa participación nas comisión de título.
- Continuar coa difusión para fomentar a cultura de calidade e participación dos grupos de interese do centro nas enquisas de satisfacción.
- Proposta de acción con G.I. constitución e xuntanzas dun Comité Consultivo de Interese formado por diversas entidades que traballan profesionalmente en relación cos/cas profesionais das titulacións que se imparten na Facultade (colexios profesionais, asociación, movementos de renovación pedagóxica, etc.)

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

- Realización de experiencias piloto de coordinación deseñadas desde cada titulación e que poderían, de resultar exitosas, ser consideradas exemplos de boas prácticas na Facultade.
- Aplicación dunha parrilla deseñada ad hoc, para cada título, de análise de valoración e logro das competencias xerais, específicas e transversais das distintas titulacións entre o profesorado das mesmas.

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante

- Acompañamento informativo e motivador ao alumnado de últimos cursos para estimular a realización e defensa dos TFG
- Realizar ao alumnado e ao profesorado enquisas para valorar a implementación de distintas modalidades do avaliación do TFG
- Deseño dun Programa de Acción Titorial que sirva de base para que as titulacións o adapten en función das súas características.
- Realización de un horario integrado para o 1º curso dos Graos.

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

- Calendario de ponencias, conferencias, obradoiros, etc. impartidos por profesionais externos como actividades formativas do título que enriquezan os contidos e vinculen os coñecementos de saídas académico-profesionais.


Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

- Renovar material informático das aulas docentes e dos laboratorios informáticos.
- Adquirir material de apoio á docencia (tableiros interactivos e equipamento de dúas salas -campus norte e campus vida- para desenvolvemento de formación e-learning)
- Dotar anualmente os laboratorios docentes do material didáctico preciso.
- Dotación dun sistema tecnolóxico para a retransmisión en directo e gravación de actividades académicas.
- Mellorar as condicións de acceso (persoas con mobilidade reducida) e localización- sinalética.

3. Plan de Melloras do Centro


LISTAXE DE ACCIÓNS					
ID	ORIXE	DESCRIPCIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO
AM-C1	Informes de seguimento de títulos CCC	Revisión do SGIC para adecualo ás características e necesidades da Facultade	Activa de continuidade	Decanato	2018-2019
AM-C2	Informes de seguimento de títulos CCC	Mellorar material informático do centro e adquirir material de apoio á docencia	Activa de continuidade	Decanato	2018-2019
AM-C3	Informes de seguimento de títulos CCC	Mellorar as condicións de accesibilidade que favoreza a inclusión de persoas con mobilidade reducida	Activa	Decanato	2018-2019
AM-C4	Informes de seguimento de títulos CCC	Mellorar as condicións de localización a través da incorporación de carteis informativos e sinalética	Activa	Decanato	2018-2019
AM-C5	Informes de seguimento de títulos CCC	Elaboración de horarios integrados de 1º curso de Grao para entregar aos estudantes nas xornadas de acollida	Activa	Decanato	2018-2019
AM-C6	Informes de seguimento de títulos CCC	Promover a participación nas enquisas de Satisfacción dos diferentes colectivos (alumnado, PAS e PDI)	Activa de continuidade	CCC Comisións Académicas dos títulos	2018-2019
AM-C7	Informes de seguimento de títulos CCC	Mellorar a coordinación das titulacións e a coordinación de materias	Activa de continuidade	CCC Comisións Académicas dos títulos	2018-2019
AM-C8	Informes de seguimento de títulos CCC	Realización de experiencias piloto de coordinación deseñadas desde cada titulación e que poderían, de resultar exitosas, ser consideradas exemplos de boas prácticas na Facultade	Activa de continuidade	CCC Comisións Académicas dos títulos	2018-2019
AM-C9	Informes de seguimento de títulos CCC	Formar ao alumnado delegado para que coñeza o SGIC e motivar a súa participación nas comisións de título.	Activa de continuidade	CCC Comisións Académicas dos títulos	2018-2019
AM-C10	Informes de seguimento de títulos CCC	Calendario de ponencias, conferencias, obradoiros, etc. impartidos por profesionais externos como actividades formativas do título que enriquezan os contidos e vinculen os coñecementos de saídas académico-	Activa de continuidade	CCC Comisións Académicas dos títulos	2018-2019

		profesionais.			
AM-C11	Informes de seguimento de títulos CCC	Acompañamento informativo e motivador ao alumnado de últimos cursos para estimular a realización e defensa dos TFG	Activa de continuidade	CCC Comisións Académicas dos títulos	2018-2019
AM-C12	Informes de seguimento de títulos CCC	Proposta de acción con G.I. Constitución e xuntanzas dun Comité Consultivo de Interese formado por diversas entidades que traballan profesionalmente en relación cos/cas profesionais das titulacións que se imparten na Facultade (colexios profesionais, asociacións, movementos de renovación pedagóxica, etc.)	Activa de continuidade	CCC Comisións Académicas dos títulos	2018-2019
AM-C13	Informes de seguimento de títulos CCC	Aplicación dunha parrilla deseñada ad hoc, para cada título, de análise, de valoración e logro das competencias xerais, específicas e transversais das distintas titulacións entre o profesorado das mesmas.	Activa de continuidade	CCC Comisións Académicas dos títulos	2018-2019
AM-C14	Informes de seguimento de títulos CCC	Realizar un Programa de Acción Titorial que sirva como base para que cada titulación realice o seu	Activa	CCC Comisións Académicas dos títulos	2018-2019


 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	FACULTAD DE CIENCIAS DE LA EDUCACIÓN	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 1 Data: 22/05/2018
		FORMATO	Páxina 16 de 29

ACCIÓNS DE MELLORA


<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-1 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	Necesidade de seguir traballando no Sistema Garantía Interna de Calidad (SGIC) para adaptado a novos requerimentos da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC
Definición/ descrición proposta	Nos cursos precedentes realizouse a Revisión do SGIC para adecualo ás características e necesidades da Facultade. Durante o curso 17-18 revisouse e adaptouse o Manual SGC do Centro. Continúase na memoria de calidade (17-18) como AM-C1.
Datas	Finalización: --; Inicio: --
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Maria José Méndez Lois
Tarefa1	AM-1.1
Descrición tarefa	Revisión do SIGC elaboración e aprobación do Manual SGC Simplificado
Data prevista de finalización	30/08/2019
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	FACULTAD DE CIENCIAS DE LA EDUCACIÓN	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 1 Data: 22/05/2018
		FORMATO	Páxina 17 de 29


ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-2 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	É necesario seguir renovando o material informático do centro así como o material de apoio á docencia nas aulas
Definición/ descrición proposta	Mellorar material informático do centro e adquirir material de apoio á docencia
Datas	Finalización: --; Inicio: --
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Maria José Méndez Lois
Tarefa1	AM-2.1
Descrición tarefa	Dotación de material informático para o estudantado e de apoio á docencia nas aulas. Extensión do alcance da rede wifi.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	FACULTAD DE CIENCIAS DE LA EDUCACIÓN	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 1 Data: 22/05/2018
		FORMATO	Páxina 18 de 29


ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-3 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	A Facultade ten espazos que non son accesibles a persoas con mobilidade reducida
Definición/ descrición proposta	Mellorar as condicións de accesibilidade que favoreza a inclusión de persoas con mobilidade reducida
Datas	Finalización: --; Inicio: --
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Maria José Méndez Lois
Tarefa1	AM-3.1
Descrición tarefa	Realizar un estudo da accesibilidade na Facultade
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa
Tarefa2	AM-3.2
Descrición tarefa	Realizar as obras necesarias para adaptar os edificios e facilitar a accesibilidade das persoas con mobilidade reducida
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	FACULTAD DE CIENCIAS DE LA EDUCACIÓN	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 1 Data: 22/05/2018
		FORMATO	Páxina 19 de 29


ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-4 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	A Facultade, que conta con varios edificios, necesita incorporar sinalética e información que permita aos usuarios desprazarse sen posibilidade de pérdida.
Definición/ descrición proposta	Mellorar as condicións de localización a través da incorporación de carteis informativos e sinalética
Datas	Finalización: --; Inicio: --
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Maria José Méndez Lois
Tarefa1	AM-4.1
Descrición tarefa	Realizar un estudo das necesidades de sinalética na Facultade
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa
Tarefa2	AM-4.2
Descrición tarefa	Colocar carteis e información que permitan a ubicación e mobilidade entre os edificios da Facultade a persoas que non coñecen o espazo
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	FACULTAD DE CIENCIAS DE LA EDUCACIÓN	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 1 Data: 22/05/2018
		FORMATO	Páxina 20 de 29


ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-5 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
Análise causa	Dificultade para visualizar os horarios en 1º curso
Definición/ descrición proposta	Elaboración de horarios integrados de 1º curso de Grao para entregar aos estudantes nas xornadas de acollida
Datas	Finalización: --; Inicio: --
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Maria José Méndez Lois
Tarefa1	AM-5.1
Descrición tarefa	Elaborar horarios integrados de 1º curso dos Graos impartidos no Centro
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	FACULTAD DE CIENCIAS DE LA EDUCACIÓN	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 1 Data: 22/05/2018
		FORMATO	Páxina 21 de 29

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-6 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	As enquisas de Satisfacción seguen a contar con unha participación baixa dos diferentes colectivos. Esa baixa participación vai en detrimento da súa fiabilidade.
Definición/ descrición proposta	Promover a participación nas enquisas de Satisfacción dos diferentes colectivos (alumnado, PAS e PDI)
Datas	Finalización: --; Inicio: --
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Maria José Méndez Lois
Tarefa1	AM-6.1
Descrición tarefa	Alentar dende todas as canles posibles, a resposta ás enquisas de Satisfacción. A coordinación da titulación realizará tarefas de motivación dende a aula virtual de coordinación do título e as coordinacións do curso, dende as aulas virtuais de coordinación correspondentes. Insistirase de forma concreta a PDI, Estudantado e PAS.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa


 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	FACULTAD DE CIENCIAS DE LA EDUCACIÓN	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 1 Data: 22/05/2018
		FORMATO	Páxina 22 de 29

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-7 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	A coordinación docente mellora procesos e repercute directamente no alumnado
Definición/ descrición proposta	Mellorar a coordinación das titulacións e a coordinación de materias
Datas	Finalización: --; Inicio: --
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Maria José Méndez Lois
Tarefa1	AM-7.1
Descrición tarefa	Alestrar a coordinación en cada titulación, curso, e materia. Facilitar estratexias que permitan esa coordinación
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa


 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	FACULTAD DE CIENCIAS DE LA EDUCACIÓN	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 1 Data: 22/05/2018
		FORMATO	Páxina 23 de 29

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-8 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	No Centro estanse a desenvolver de xeito informar actividades vinculadas coa coordinación que poden ser exemplo de boa práctica para todo o profesorado
Definición/ descrición proposta	Realización de experiencias piloto de coordinación deseñadas desde cada titulación e que poderían, de resultar exitosas, ser consideradas exemplos de boas prácticas na Facultade
Datas	Finalización: --; Inicio: --
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Maria José Méndez Lois
Tarefa1	AM-8.1
Descrición tarefa	Iniciar o proceso de deseño para a realización de xornadas de presentación de propostas de coordinación por titulacións
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa


ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-9 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	A escasa participación do alumnado nas Comisións de título
Definición/ descrición proposta	Presentar as posibilidades de participación do alumnado delegado nas comisións de título e formalo para que coñeza o SGIC e motivar a súa participación nas comisións de título
Datas	Finalización: --; Inicio: --
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Maria José Méndez Lois
Tarefa1	AM-9.1
Descrición tarefa	Presentar as posibilidades de participación do alumnado delegado nas comisións de título
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa
Tarefa2	AM-9.2
Descrición tarefa	Formar ao alumnado delegado para que coñeza o SGIC e motivar a súa participación nas comisións de título
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa

 FACULTAD DE CIENCIAS DE LA EDUCACIÓN	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 1 Data: 22/05/2018
	FORMATO	Páxina 25 de 29


ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-10 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
Análise causa	Frecuentemente diferentes profesionais externos achéganse ao centro para impartir ponencias, conferencias, obradoiros, etc. Estas actividades, que enriquecen os contidos e vinculan os coñecementos de saídas académico-profesionais, en ocasións non son coñecidas por todo o estudiantado e PDI.
Definición/ descrición proposta	Elaborar un calendario público de ponencias, conferencias, obradoiros, etc. impartidos por profesionais externos como actividades formativas do título que enriquezan os contidos e vinculen os coñecementos de saídas académico-profesionais.
Datas	Finalización: --; Inicio: --
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	María José Méndez Lois
Tarefa1	AM-10.1
Descrición tarefa	Recoller, a través da aula virtual de coordinación do título ou doutra canle, o listado de ponencias, conferencias, obradoiros, etc. impartidos por profesionais externos
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	María José Méndez Lois
Estado	Activa
Tarefa2	AM-10.2
Descrición tarefa	Elaborar un calendario público de ponencias, conferencias, obradoiros, etc. impartidos por profesionais externos como actividades formativas no centro
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	María José Méndez Lois
Estado	Activa

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	FACULTAD DE CIENCIAS DE LA EDUCACIÓN	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 1 Data: 22/05/2018
		FORMATO	Páxina 26 de 29


ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-11 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
Análise causa	Afrontar o TFG supón unha situación que xenera certa inquietude ao estudiantado. Acompañar, informar e motivar ao alumnado de últimos cursos pode axudar nesta situación e estimular a realización e defensa dos TFG
Definición/ descrición proposta	Acompañamento informativo e motivador ao alumnado de últimos cursos para estimular a realización e defensa dos TFG
Datas	Finalización: --; Inicio: --
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Maria José Méndez Lois
Tarefa1	AM-11.1
Descrición tarefa	Deseñar unha ou varias actividades informativas / formativas que guíen e orienten ao alumnado respecto a elaboración e defensa do TFG
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	FACULTAD DE CIENCIAS DE LA EDUCACIÓN	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 1 Data: 22/05/2018
		FORMATO	Páxina 27 de 29


ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-12 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	Estase reflexionando sobre as posibilidades para a mellora que suporía para o Centro contar coas aportacións de diversas entidades que traballan co Centro
Definición/ descrición proposta	Proposta de acción con G.I. Constitución e xuntanzas dun Comité Consultivo de Interese formado por diversas entidades que traballan profesionalmente en relación cos/cas profesionais das titulacións que se imparten na Facultade (colexios profesionais, asociacións, movementos de renovación pedagóxica, etc.)
Datas	Finalización: --; Inicio: --
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Maria José Méndez Lois
Tarefa1	AM-12.1
Descrición tarefa	Reflexión sobre o proceso que se podería levar a cabo en relación á constitución e xuntanzas dun Comité Consultivo de Interese formado por diversas entidades que traballan profesionalmente en relación cos/cas profesionais das titulacións que se imparten na Facultade (colexios profesionais, asociacións, movementos de renovación pedagóxica, etc.)
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	FACULTAD DE CIENCIAS DE LA EDUCACIÓN	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 1 Data: 22/05/2018
		FORMATO	Páxina 28 de 29

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-13 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa	A revisión das competencias da titulación permitirá coñecer o nivel no que se están alcanzando ditas competencias
Definición/ descrición proposta	Aplicación dunha parrilla deseñada ad hoc, para cada título, de análise, de valoración e logro das competencias xerais, específicas e transversais das distintas titulacións entre o profesorado das mesmas.
Datas	Finalización: --; Inicio: --
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Maria José Méndez Lois
Tarefa1	AM-13.1
Descrición tarefa	Elaboración dos instrumentos que permitan analizar o logro das competencias xerais, específicas e transversais das distintas titulacións entre o profesorado das mesmas.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa
Tarefa2	AM-13.2
Descrición tarefa	Valoración do logro das competencias xerais, específicas e transversais das distintas titulacións entre o profesorado das mesmas.
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	Maria José Méndez Lois
Estado	Activa

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	FACULTAD DE CIENCIAS DE LA EDUCACIÓN	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 1 Data: 22/05/2018
		FORMATO	Páxina 29 de 29

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-14 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
Análise causa	<p>Considérase importante potenciar os procesos de orientación académica e profesional dos estudantes. Ademais, os estudantes universitarios teñen recoñecido como dereito específico (artículo 9 do Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudiante Universitario):</p> <p>Recibir orientación e tutoría personalizadas, para facilitar o rendimento académico, a preparación para a actividade profesional ou a iniciación á investigación.</p>
Definición/ descrición proposta	Realizar un Programa de Acción Titorial que sirva como base para que cada titulación realice o seu
Datas	Finalización: --; Inicio: --
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	María José Méndez Lois
Tarefa1	AM-14.1
Descrición tarefa	Realizar un Programa de Acción Titorial que sirva como base para que cada titulación realice o seu
Data prevista de finalización	31/07/2019
Responsable	María José Méndez Lois
Estado	Activa

 <p data-bbox="352 125 603 174">FACULTAD DE CIENCIAS DE LA EDUCACIÓN</p>	<p data-bbox="927 91 1118 159">MEMORIA DE CALIDADE</p>	<p data-bbox="1190 91 1445 125">Código: F03-PM-01</p> <p data-bbox="1190 129 1321 163">Versión: 1</p> <p data-bbox="1190 168 1414 201">Data: 22/05/2018</p>
	<p data-bbox="951 226 1094 259">FORMATO</p>	<p data-bbox="1209 226 1430 259">Páxina 30 de 29</p>

4. Anexo: Informes de seguimento

Dispoñibles na páxina web de Calidade SGIC da Facultade de Ciencias da Educación

http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/calidade/plandecalidade_informes_seguinto.html